R/Cuart de Poblet s/n.- 27800 Vilalba – Lugo Teléfono 982.870.860 - Móbil 633.149.402 E-mail: ies.lois.pena.novo@edu.xunta.gal
Web: https://iespenanovo.com/ Facebook: http://www.facebook.com/iesloispenanovo Instagram: @iesloispenanovo

PROCESO DE SELECCIÓN DE CANDIDATOS/AS PARA MOBILIDADES NO CURSO 2026/2027 – PROGRAMA ERASMUS+ KA121-VET-000332915

1. PROCEDEMENTO

Ábrese o prazo para solicitar prazas de mobilidade dentro do programa Erasmus+ correspondente ao proxecto **2025-1-ES01-KA121-VET-000332915**, dirixido ao alumnado de Formación Profesional Básica e Ciclos Formativos de Grao Medio.

Poderán participar neste proceso aquelas persoas que se atopen nalgunha das seguintes situacións:

- **Estar matriculadas durante o curso académico 2026-2027 nun ciclo formativo de grao básico ou grao medio de Formación Profesional**, ou nun curso de especialización de grao medio, e estar en condicións de realizar un período de formación en empresa antes do comezo da mobilidade.
- **Ter obtido unha titulación de grao básico ou grao medio de Formación Profesional**, ou un certificado dun curso de especialización de grao medio, **nos doce meses anteriores á finalización da mobilidade prevista.**

As persoas interesadas en acceder ás prazas poderán presentar a súa instancia no prazo comprendido entre o **día 5 de novembro e o vindeiro día 23 de novembro de 2026**, ambos os dous incluídos, na **secretaría do centro**.

Aquelas persoas que queiran participar no proceso de selección deberán cubrir a correspondente instancia, que poderán solicitar na secretaría do centro, e **achegar a documentación que estimen pertinente para acreditar os requisitos e méritos alegados**, de acordo cos **criterios de selección establecidos** na convocatoria oficial e que se detallan a continuación.

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, publicarase unha listaxe provisional das persoas solicitantes, na que figurarán as solicitudes admitidas, aquelas que deban ser emendadas e as excluídas, indicando neste último caso os motivos correspondentes.

As persoas que teñan que emendar a súa solicitude disporán do prazo establecido para tal efecto, contado desde o día seguinte á publicación da listaxe provisional. Unha vez resoltas as posibles incidencias, publicarase a listaxe definitiva.

ACTUACIÓN	DATA
PRAZO DE SOLICITUDES	Do 5 ao 23 de novembro de 2026
PUBLICACIÓN DA LISTAXE PROVISIONAL	Pendente de publicación
PRAZO DE EMENDAS E RECLAMACIÓNS	Segundo o prazo indicado na publicación da listaxe provisional

R/Cuart de Poblet s/n.- 27800 Vilalba – Lugo Teléfono 982.870.860 - Móbil 633.149.402 E-mail: ies.lois.pena.novo@edu.xunta.gal
Web: https://iespenanovo.com/ Facebook: http://www.facebook.com/iesloispenanovo Instagram: @iesloispenanovo

PUBLICACIÓN DA LISTAXE DEFINITIVA Pendente de publicación

2. CRITERIOS DE SELECCIÓN PARA O ALUMNADO DE FP BÁSICA E CICLOS MEDIOS

A selección das persoas solicitantes realizarase de acordo cos seguintes criterios:

– Expediente académico (máximo 4 puntos)

Terase en conta a nota media do primeiro curso do ciclo formativo no caso do alumnado que continúa os seus estudos e a nota media do ciclo formativo completo no caso das persoas tituladas recentemente.

Valoración:

- Nota media inferior a 6: 1 punto.
- Nota media comprendida entre 6 e 7: 2 puntos.
- Nota media maior que 7 e inferior a 9: 3 puntos.
- Nota media igual ou superior a 9: 4 puntos.

– Coñecemento do idioma do país de destino ou do idioma de traballo (máximo 4 puntos)

Valoraranse os certificados oficiais que acrediten o coñecemento do idioma do país de destino ou do idioma que se vaia empregar durante a mobilidade.

Puntuación segundo o nivel acreditado:

- Nivel B1: 1 punto.
- Nivel B2: 2 puntos.
- Nivel C1: 3 puntos.
- Nivel C2: 4 puntos.

Valoraranse os certificados de coñecemento de idiomas admitidos por ACLES (Asociación de Centros de Linguas de Educación Superior), que avalíen as catro destrezas lingüísticas: comprensión lectora, comprensión auditiva, expresión escrita e expresión oral, conforme á táboa de certificados vixente ao remate do prazo de presentación de solicitudes.

– Persoas participantes con menos oportunidades (2 puntos)

Recibirán 2 puntos neste apartado aquelas persoas solicitantes que se atopen nalgunha das seguintes situacións:

a) Discapacidade: acreditarase mediante certificado de discapacidade emitido pola autoridade correspondente ou mediante unha solicitude aberta para o seu recoñecemento, acompañada dos informes médicos, psicolóxicos, psiquiátricos ou de entidades sociais correspondentes.

b) Dificultades educativas e formativas: acreditarase mediante informe preceptivo do Departamento de Orientación do centro educativo.

c) Obstáculos socioeconómicos: esta situación acreditarase mediante algún dos seguintes documentos:

R/Cuart de Poblet s/n.- 27800 Vilalba – Lugo Teléfono 982.870.860 - Móbil 633.149.402 E-mail: ies.lois.pena.novo@edu.xunta.gal
Web: https://iespenanovo.com/ Facebook: http://www.facebook.com/iesloispenanovo Instagram: @iesloispenanovo

- Certificado de ser ou ter sido beneficiario/a dunha bolsa de estudos de carácter xeral da Administración Xeral do Estado no curso inmediatamente anterior a aquel no que se realice a mobilidade.
- Certificado de percepción de prestación de Ingreso Mínimo Vital, Renda Mínima de Inserción ou calquera outra prestación de igual ou similar natureza da unidade familiar ou do proxenitor que teña a custodia, no caso de menores.
- Informe dos servizos sociais que acredite a situación de exclusión social, risco de exclusión social ou situacións de especial necesidade e/ou emerxencia social.
- Certificado de familia numerosa.
- Certificado de familia monoparental.
- Certificado de vítimas de terrorismo.
- Acreditación de situacións de violencia de xénero.
- Certificado de orfandade.
- Certificado de situación de dependencia, no caso de participantes con persoas dependentes ao seu cargo.
- Certificación de ser persoa tutelada pola Administración.
- Acreditación da situación daquelas persoas que non poden acceder ás prestacións anteriores por non cumprir os requisitos de residencia ou empadroamento ou por ter esgotado o período máximo de percepción legalmente establecido.
- Acreditación de ter un contrato de traballo a tempo completo.

d) Problemas de saúde: acreditarase mediante algún dos seguintes documentos:

- Certificación dunha situación de saúde física que xere a necesidade de apoio adicional, mediante informe médico expedido polo centro de saúde, especialista ou autoridade sanitaria competente.
- Certificación dunha situación de saúde mental que xere a necesidade de apoio adicional, mediante informe de saúde mental expedido polo centro de saúde, especialista ou autoridade sanitaria competente.

e) Diferenzas culturais: acreditarase mediante algún dos seguintes documentos:

- Resolución que recoñeza a condición de persoa refuxiada ou con dereito a protección subsidiaria, ou xustificante de ter presentado solicitude de protección internacional en España.
- Informe dos servizos sociais que acredite a pertenza a outra etnia.
- Informe do Departamento de Orientación do centro educativo.

f) Discriminación: acreditarase mediante certificado da Administración competente e informe do Departamento de Orientación do centro educativo que xustifique esta situación, por exemplo, por acoso escolar.

Criterios de desempate

No caso de empate na puntuación total, aplicarase a seguinte orde de prioridade:

1. Persoas solicitantes con menos oportunidades.
2. Maior puntuación no expediente académico.

R/Cuart de Poblet s/n.- 27800 Vilalba – Lugo Teléfono 982.870.860 - Móbil 633.149.402 E-mail: ies.lois.pena.novo@edu.xunta.gal
Web: https://iespenanovo.com/ Facebook: http://www.facebook.com/iesloispenanovo Instagram: @iesloispenanovo

3. De persistir o empate, atenderase á orde alfabética do primeiro apelido.

Cláusula de exclusión: poderán quedar excluídas aquelas persoas nas que concorran causas sobrevidas que impidan o adecuado aproveitamento da mobilidade.

3. ADXUDICACIÓN DAS MOBILIDADES

A **adxudicación das mobilidades** realizarase mediante **unha listaxe única centralizada**, elaborada a partir da puntuación obtida polas persoas solicitantes segundo os criterios establecidos. As axudas concederanse ás persoas participantes con maior puntuación ata esgotar o crédito dispoñible.
As solicitudes que non poidan ser atendidas por insuficiencia de crédito pasarán a formar parte dunha **lista de agarda**, respectando a orde de puntuación establecida, para o caso de que se produzan renuncias ou exista dispoñibilidade orzamentaria.
Ao remate do proceso publicaranse as listaxes correspondentes, de acordo co procedemento establecido na convocatoria oficial.

En Vilalba, 4 de novembro de 2026